

6. No punto 5 da acta consignarase a data na que o inspector xefe autorizou a subscripción da acta con acordo. Así mesmo, farase constar se a garantía achegada consiste en depósito, aval de carácter solidario ou seguro de caución, indicando a data de constitución e o número de referencia do xustificante que o acredita.

7. No punto 6 da acta recollerase o detalle numérico da proposta de liquidación que resulte da regularización da situación tributaria do interesado polos conceptos a que a acta se refire, con expresión dos incrementos ou alteracións das bases, deducións e cotas tributarias. No recadro inferior do punto recolleranse os importes que sintetizan a composición da débeda tributaria resultante da proposta de liquidación, así como da cuantificación da proposta de sanción.

8. No espazo en branco do punto 7 indicarse o carácter provisional ou definitivo da liquidación a proposta da cal se incorpora á acta.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 7 de marzo de 2008 pola que se autoriza o cambio de denominación do centro público de educación e promoción de adultos Artes e Oficios de Vigo.*

Tendo en conta o disposto nos artigos 2 e 3 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

### DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do centro público de educación e promoción de adultos que no anexo se relaciona.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO

Provincia: Pontevedra.

Concello: Vigo.

Localidade: Vigo.

Código de centro: 36018884.

Denominación: Centro público de educación e promoción de adultos Artes e Oficios.

Nova denominación: Centro público de educación e promoción de adultos Berbés.

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 6 de marzo de 2008 pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megawatts para tramitar no período 2008-2012 e se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de parques eólicos.*

A consecución dos obxectivos da política enerxética formulada polo Goberno galego, como son a redución da dependencia enerxética do exterior e a promoción das modalidades de produción que supoñan avances cara á consecución dos obxectivos do Protocolo de Quioto e ao cumprimento dos compromisos adquiridos polo conxunto da Unión Europea a respecto dos niveis de cobertura do consumo eléctrico con enerxías renovables, desenvolvidos baixo parámetros de crecemento económico, respecto polo ambiente e progreso social para o conxunto da cidadanía galega, exixiu unha nova regulación que reorientase a política aplicada até o momento e garantise de maneira indubidable a continuidade do desenvolvemento deste sector, suxeitándose a un procedemento transparente e eficaz.

Asemade, o Goberno galego, no marco da planificación enerxética galega, fixou como obxectivo no ámbito da enerxía eólica que no ano 2012 existan 6.500 megawatts autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste contexto apróbase o Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia. O novo decreto establece no seu artigo 8 que a consellería competente en materia de enerxía determinará mediante orde o obxectivo de potencia máxima expresada en megawatts que se tramitará durante o período de referencia que naquela se estableza e fixará o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de parques eólicos.

Consonte o previsto no decreto, determínase nesta orde a previsión de potencia que se vai tramitar para o período 2008-2012 e reserva para si unha cota de potencia para aqueles promotores que foron titulares dun plan eólico empresarial e que, por motivos de planificación, non puideron desenvolver a potencia prevista ou estimada naquel, tal e como prevé a disposición adicional segunda do Decreto 242/2007.

O procedemento de admisión a trámite, naqueles supostos en que haxa que proceder á selección de anteprojectos (concorrenza sobre un mesmo espazo territorial ou se a suma das potencias das solicitudes presentadas superan a potencia máxima prevista na orde de convocatoria), coa previsión da constitución dunha comisión de valoración e a aplicación de criterios obxectivos de valoración cuxa ponderación se

estabelece a través desta orde, son garantía da libre participación e da transparencia do proceso.

Xunto aos criterios xerais, establécese unha diferente ponderación para os aplicables aos proxectos de repotenciamento, incidindo naqueles aspectos que van ser especialmente valorados á hora de seleccionar os anteprojectos, como son a mellor relación entre produción enerxética e afección ambiental e o nivel tecnolóxico das instalacións que conforman os parques eólicos que o proxecto recolle para seren desenvolvidos.

Na súa virtude,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Mediante esta orde fíxase o prazo para a presentación de solicitudes de parques eólicos dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o procedemento establecido no Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia.

2. Asemade, esta orde prevé a constitución dunha comisión para a valoración das solicitudes e determina a súa composición, ao tempo que especifica os criterios de valoración aplicables no proceso de selección dos anteprojectos e determina a súa importancia relativa.

3. A potencia máxima que se tramitará ao abeiro desta orde, e que abrangue o período 2008-2012, será de 2.325 MW, dos cales 98 MW corresponden a plans eólicos empresariais vixentes e resérvase unha cota de 173 MW para aqueles promotores que foron titulares dun plan eólico empresarial e que, por motivos de planificación, non puideron desenvolver a cifra de potencia prevista ou estimada na resolución de aprobación do devandito plan.

#### Artigo 2º.-*Prazo e lugar de presentación de solicitudes.*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de tres meses contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes irán dirixidas á dirección xeral con competencias en materia de enerxía e presentaranse en calquera das oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, reguladas no Decreto 164/2005, do 16 de xuño (DOG nº 121, do 24 de xuño), ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 3º.-*Requisitos das solicitudes.*

1. As solicitudes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 9 do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, presentaranse segundo o modelo de solicitude que se establece como anexo a esta orde e irán acompañadas da documentación indicada nos subnúmeros 2 e 3 do devandito artigo 9 que se presentará, preferentemente, en formato PDF en soporte CD ou DVD, debidamente identificados mediante folla de especificacións os datos relativos ao nome do proxecto e ao solicitante, agás a planimetría especificada nos puntos 1.3.g) e 1.3.h) do mesmo artigo 9, que se presentará en soporte papel e en soporte dixital formato DWG.

2. Aquelas solicitudes presentadas ao abeiro da cota de reserva prevista na disposición transitoria segunda do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, farano constar expresamente na solicitude.

#### Artigo 4º.-*Comisión de valoración.*

1. Constituirase unha comisión de valoración das solicitudes presentadas nos seguintes supostos:

a) Se a suma das potencias das solicitudes presentadas dá como resultado unha cifra igual ou inferior á potencia máxima prevista nesta orde de convocatoria pero dous ou máis anteprojectos concorreren sobre o mesmo espazo territorial nos termos establecidos no artigo 12.2º do Decreto 242/2007, do 13 de decembro.

b) Se a suma das potencias das solicitudes presentadas supera a potencia máxima prevista na orde de convocatoria.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidente: o director xeral de Industria, Enerxía e Minas.

b) Vicepresidente: o director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

c) Vogais: tres representantes da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas designados/as polo seu director xeral, un/unha dos/das cales actuará como secretario/a, dous representantes do Inega designados/as polo seu director e un/unha representante por cada unha das consellerías con competencias nas materias de ambiente, montes e urbanismo.

d) A comisión poderá estar asistida do persoal técnico que se considere necesario.

3. Esta comisión terá como funcións a valoración das solicitudes presentadas de acordo cos criterios

fixados no artigo seguinte e formular unha proposta de anteprojectos seleccionados e unha lista priorizada de anteprojectos suplentes.

4. O funcionamento desta comisión rexerá polo disposto no artigo 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. No prazo máximo de seis meses, contado desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, por resolución da consellería competente en materia de enerxía, aprobarase a relación dos anteprojectos seleccionados. Na mesma resolución conterase, de ser o caso, una lista priorizada de anteprojectos suplentes. A devandita resolución publicaráse no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 5º.-Criterios de valoración.

Para a selección dos anteprojectos admitidos a trámite, nos supostos previstos no artigo 12.2º.2 e 12.3º, aplicarase os seguintes criterios de valoración coa ponderación que para cada un se especifica:

Criterio	Puntuación máxima	Puntuación máxima repotenciamientos
-Mellor relación entre produción enerxética e afección ambiental	10	25
a) Horas equivalentes de produción	5	10
b) Medicións de vento	5	
c) Ratio superficie ocupada/potencia instalada		15
-Viabilidade técnico-económica e maior impacto socioeconómico positivo do proxecto de desenvolvemento económico	30	30
a) Investimentos en empresas ou en tecnoloxía	8	8
b) Postos de traballo permanentes xerados	8	8
c) Impacto sobre a rede de distribución que poida derivar da implantación do parque eólico	5	5
d) Proxectos ou iniciativas de contido ambiental ou de infraestruturas básicas	9	9
-Maior capacidade técnica e financeira para a execución material do parque	5	5
-Nivel tecnolóxico das instalacións que conforman os parques eólicos que o proxecto recolle para seren desenvolvidos	15	25
a) Potencia unitaria dos aerogeneradores	3	10
b) Comportamento dinámico das máquinas no sistema eléctrico	7	10
c) Modelo de explotación e xestión do parque	5	5
-Viabilidade da proposta de interconexión	10	5
a) Proposta integrada en actuacións conxuntas de evacuación	9	5
b) Proposta individual de evacuación para un único parque eólico	1	
-Alcance, viabilidade e interese social da proposta de compromisos adicionais	30	10
a) Participación pública	22	8
b) Fórmulas de canalización do aforro dos particulares cara investimentos vinculados aos proxectos propostos	4	1

Criterio	Puntuación máxima	Puntuación máxima repotenciamientos
c) Fórmulas que vinculen a produción da instalación eólica coas rendas derivadas das fórmulas de traslación ou cesión de uso ou aproveitamento	4	1
Total	100	100

#### Disposición adicional

##### Primeira.

1. Poderanse presentar propostas de novas áreas de desenvolvemento eólico (ADE) para incluír no Plan Sectorial Eólico de Galicia (Psega). Para tal fin, no mesmo prazo indicado no artigo 2.1º desta orde, dirixirase á dirección xeral con competencias en materia de enerxía a correspondente solicitude acompañada da planimetría das devanditas propostas en soporte dixital, en formato DWG ou SHP, estará cada área definida por unha poligonal pechada en capas individuais.

2. Poderanse presentar solicitudes de proxectos de parques eólicos situados fóra das áreas de desenvolvemento eólico do actual Plan Sectorial Eólico de Galicia sempre que vaian incluídas nunha proposta de nova ADE formalizada segundo o previsto no parágrafo anterior. Nestes casos, de admitirse a trámite o proxecto, condicionarase á inclusión da correspondente ADE no Plan Sectorial Eólico de Galicia que se aprobe.

##### Segunda.

Para todo o non previsto nesta orde, observarase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia, e no resto de normativa que lle resulte de aplicación.

#### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2008.

Fernando X. Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E  
INDUSTRIA

## ANEXO

PROCEDEMENTO <b>AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DAS INSTALACIÓNS DUN PARQUE EÓLICO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN661A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO/A SOLICITANTE

EMPRESA		CIF	
[ ]		[ ]	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
[ ]		[ ]	[ ]
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
			FAX
			[ ]

## E, na súa representación

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
[ ]		[ ]	[ ]
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
			FAX
			[ ]

Ao abeiro do previsto no artigo 9 do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia, SOLICITO a autorización administrativa das instalacións do parque eólico denominado [ ]  
[ ], situado no/s concello/s de [ ]  
[ ]

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- Documentación xustificativa dos requisitos de capacidade legal, técnica e económica
- Datos identificativos do proxecto Repotenciamento  SI  NON
- Anteprojecto da instalación Cota de reserva  SI  NON
- Memoria ambiental
- Proxecto de desenvolvemento económico
- Proposta de compromisos adicionais
- Plano de situación a escala 1:50.000 e planos de planta a escala 1:10.000 e 1:5.000

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde. do 6 de marzo de 2008 pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megawatts para tramitar no período 2008-2012 e se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de parques eólicos.</i>	(A cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  <i>Lugar e data</i>  , de de 200	RECIBIDO [ ]	DATA DE ENTRADA ____/____/____
	REVISADO E CONFORME [ ]	DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____